



Concello  
de Nigrán

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS  
DE ESTABECEMENTOS E POLA REALIZACIÓN DE TAREFAS  
DE VERIFICACIÓN DE NORMATIVA DE ESTABECEMENTOS**

O non especialmente relacionado nesta lista asimilaráse ao concepto mais cercano. No caso de imposibilidade de asimilación pola especial complexidade da obra proposta, estimarase o orzamento do proxecto asinado por técnico competente se fose preceptivo, ou orzamento do contratista, sempre con carácter de liquidación provisional.

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS DE ESTABELECIMENTOS E POLA REALIZACIÓN DE TAREFAS DE VERIFICACIÓN DE NORMATIVA DE ESTABELECIMENTOS**

#### **ARTIGO 1.—FUNDAMENTO E NATUREZA.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réximen local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (LRFL), este Concello establece a taxa por licencias de establecimentos e pola realización de tarefas de verificación de normativa de establecimentos.

#### **ARTIGO 2.—FEITO IMPOÑIBLE**

1. Constitúe o feito imponible da taxa, a actividade municipal, tanto técnica como administrativa, tendente a verificar si os establecimentos industriais, comerciais, mercantís, profesionais e de servizos, reúnen as condicións de seguridade, tranquilidade, sanidade e salubridade, medioambientais e calesquera outras esixidas polas correspondentes normativas sectoriais, ordenanzas e regulamentos municipais ou xerais, para o seu legal e normal funcionamento.

2. A realización do feito imponible terá lugar pola prestación dos servicios técnicos e administrativos que se orixinen pola solicitude de licencia formulada polo suxeito pasivo ou ben pola formulación de declaración responsable ou comunicación previa do suxeito pasivo.

3. Están suxeitos a esta taxa:

- a) A primeira instalación dun establecemento ou actividade industrial, comercial, mercantil, profesional ou de servizos.
- b) A ampliación da actividade e/ou superficie de establecimentos, aínda que continúe o mesmo titular.
- c) A reforma ou calquera alteración que se leve a cabo no establecemento e que afecte ás condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo nova verificación das mesmas.
- d) O cambio de titularidade ou razón social permanecendo invariable a actividade.

4. Aos efectos desta taxa entenderáse por establecemento toda edificación, instalación ou recinto cuberto ou ao aire libre, esté ou non aberto ao público, destinado a calquera uso distinto ao de vivenda, donde habitual ou temporalmente se exerza ou se vaia exercer calquera actividade empresarial, fabril, industrial, artesana, da construcción, comercial, mercantil, profesional, de servizos, ou complementaria das anteriores.

#### **ARTIGO 3.—SUXEITO PASIVO.**

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 36 da Lei xeral tributaria, titulares da actividade que se pretende desenvolver ou, se é o caso, desenvolvida en calquera establecemento.

2. Terán a consideración de substitutos do contribuínte, os propietarios dos devanditos establecimentos, os cales poderán repercutir, se é o caso, as cuotas satisfeitas sobre os usuarios de aqueles, beneficiarios do servizo ou actividade.



### **ARTIGO 4.—RESPONSABLES.**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas indicadas no artigo 42 da Lei xeral tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios as persoas e entidades indicadas no artigo 43 da Lei xeral tributaria, co alcance indicado no artigo citado.

### **ARTIGO 5.—BENEFICIOS FISCAIS.**

Non se concederá ningún tipo de exención nin de bonificación na exacción desta taxa.

### **ARTIGO 6. COTA TRIBUTARIA.**

1. A cota total a satisfacer será o resultado de sumar a unha cota de tarifa, en función do tipo de actividade, un recargo adicional en función da superficie útil en metros cadrados do establecemento dedicado á actividade de que se trate, según a definición establecida para o mesmo no apartado 4 do artigo 2.

2. A cota de tarifa e o recargo son os seguintes:

- 2.1.— Instalación de actividades que non estén sometidas a ningún procedemento de avaliación ambiental, cota de tarifa: 200,00 euros.
- 2.2.— Instalación de actividades sometidas a algún procedemento de avaliación ambiental, cota de tarifa: 600,00 euros.
- 2.3.— Recargo de superficie:
  - Até 50 m<sup>2</sup>: 200,00 euros.
  - De 50 até 200 m<sup>2</sup>: 300,00 euros.
  - De 200 até 500 m<sup>2</sup>: 500,00 euros.
  - De máis de 500 m<sup>2</sup>: 800,00 euros.

3. Os importes indicados no apartado anterior non incluen o custe de inserción dos anuncios nos casos previstos na normativa aplicable, debéndose liquidar de maneira separada e estando constituido o seu importe polas tarifas que se establezan polos boletins oficiais e polos medios de comunicación nos que sexan publicados os anuncios preceptivos; importes que serán aboados polos suxeitos pasivos desta taxa.

4. Cambios de titularidade de licencia: 50,00 euros.

### **ARTIGO 7.—DEVENGO.**

1. Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír, cando se inicie a actividade municipal que constitúe o feito imponible. A estes efectos entenderá iniciada a actividade na data de presentación no rexistro xeral da solicitude de licencia, da formulación da declaración responsable, ou da comunicación previa.

2. Cando a actividade comezara sen cumplir cos requisitos legalmente esixibles, a taxa devengaráse cando se inicie efectivamente a actividade municipal conducente a determinar si o establecemento reúne ou non as condicións preceptivas; sen prexuízo da iniciación dun expediente administrativo que poida instruirse para autorizar o establecemento ou decretar o seu feche, se o mesmo non fora autorizable.

3. A obriga de contribuir, unha vez nacida, non se verá afectada, de ningún modo, pola renuncia á licencia outorgada, nin pola denegación da licencia solicitada, nin pola concesión desta condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin tampouco pola eventual comunicación da imposibilidade de exercer unha actividade cando esta non estivera sometida a licencia municipal previa.

4. Até que non exista acordo ou resolución municipal sobre a concesión ou denegación da licencia, ou sobre a verificación das condicións do establecemento cando non fora esixible aquela, os interesados poderán desistir expresa e documentalmente da tramitación do expediente administrativo; neste caso,



efectuarase unha liquidación polo 50% do importe da taxa, cando o desestimento fora presentado despois de que os servicios técnicos do Concello practicaran as pertinentes inspeccións e se emitira o correspondente informe, informes, ou proposta de acordo.

5. Non procederá a liquidación da taxa nos supostos de desestimentos documentais e expresos do interesado anteriores á realización polo Concello de ningunha actuación conducente ao outorgamento da licencia ou á comprobación da actividade.

### *ARTIGO 8.—XESTIÓN.*

1. As persoas interesadas en instalar un establecemento, presentarán previamente a través do rexistro xeral do Concello de Nigrán, a documentación legalmente esisable, con especificación da actividade ou actividades a desenvolver no local.

2.—Rematada a actividade municipal e adoptado o acordo que proceda, practicarase a liquidación correspondente da taxa que será notificada ao suxeito pasivo para o seu ingreso no Concello de Nigrán, de conformidade co establecido ao respecto no Regulamento xeral de recadación.

3.—Se despois de liquidada a taxa fora variada ou ampliada a actividade a desenvolver no establecemento, ou se ampliase o local inicialmente previsto, estas modificacións deberánse comunicar á administración municipal co mesmo detalle e alcance que se esixen na declaración prevista no número 1 deste artigo.

4.—Nos supostos nos que para o inicio da actividade ou posta en funcionamento do establecemento non resulte legalmente esixible licenza municipal, a taxa regulada nesta ordenanza fiscal esixirase en réxime de autoliquidación con carácter previo ou simultáneo á formulación polos interesados da declaración responsable ou comunicación previa. Nestes casos serán, tamén, aplicables as previsións do apartado 3 deste artigo.

O Concello de Nigrán practicará, no seu caso, as liquidacións complementarias que legalmente procedan que serán notificadas aos suxeitos pasivos para o seu ingreso, de conformidade co establecido ao respecto no Regulamento xeral de recadación.

### *ARTIGO 9.—INFRACCIONES E SANCIÓNIS.*

Aplicaránse o réxime de infraccións e sancións regulado na Lei xeral tributaria e nas disposicións que a complementen e desenvolvan.

### *DISPOSICIÓN FINAL.*

Esta ordenanza fiscal entrará en vigor e comezarase a aplicar desde o día da súa publicación no boletín oficial da provincia de Pontevedra; permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

Nigrán, a 28 de agosto de 2012.—O Alcalde, Alberto Valverde Pérez

2012008288

\* \* \*

## OIA

### A N U N C I O

En data 23.08.2012 o concello de Oia aprobou, a través de Decreto nº 259/2012 bases que rexerán a selección, por oposición libre, dun/a auxiliar administrativo para apoio as oficinas municipais, a través de contrato laboral eventual, por circunstancias eventuais da produción, por seis meses e a tempo parcial ( 75% xornada),

Faise público o contido integral da parte dispositiva do Decreto 259/2012, acordo co artigo 6 do RD 896/1991 de 7 de xuño: